

## A AUDICIÓN MUSICAL ACTIVA

---

*M<sup>a</sup> Jesús Suárez Sixto*

### A AUDICIÓN MUSICAL ACTIVA

O aspecto máis importante da Música é o son. A audición Musical propónse entre outras cousas preparar ó alumno/a como receptor/a da Música.

O Currículo Oficial da Educación Artística na Educación Primaria propón entre outros os seguintes obxectivos dentro do terreo da percepción.

#### **Primeiro ciclo**

- Satisfacción por escoitar e pola produción de sons próximos ó entorno.
- Recoñecemento de altura, duración, intensidade e timbre nos sons do entorno e en pezas musicais.
- *Audicións breves.*

#### **Segundo ciclo**

- Diferenciación de variacións de altura, intensidade e de aspectos de duración e timbre.
- *Escoita activa: silencio.*
- *Audición activa: Relación entre os elementos dunha peza musical.*

#### **Terceiro ciclo**

- Análise do entorno sonoro.
- *Escoita activa e comprensiva.*
- *Audición activa e analítica.*

Estes obxectivos deberán despertar nos nenos/as a necesidade de escoitar música, despertar unha necesidade, chegar a comprender e interpretaralo seu significado, a súa mensaxe expresiva.

Por todo elo o Mestre/a deberá ter unha idea clara do significado de *percepción auditiva*, de que se entende hoxe en día por *Audición Musical Activa*.

A Educación audioperceptiva, é un proceso educativo, un proceso de ensinanza-aprendizaxe, que parte do cultivo da percepción ou sensorialidade auditiva, co fin de alcanzar a formación musical do suxeito ou educando. Dito noutros termos: é unha das respostas metodolóxicas contemporáneas baseada na experiencia directa do educando no seu esforzo de búsqueda e investigación. Unha resposta ás dúbidas e xustas inqedanzas de quen comprende que a vella escolaridade musical repetitiva e memorística non garante o grao de formación reclamado pola Filosofía da Educación e a Psicopedagogía Contemporánea.

A Audioperceptiva en termos de Emma Garmendia, pon en xogo tódalas posibilidades de experimentación e vivencias musicais (no todo e nas partes) ó alcance do educando. Cultívase a sensorialidade auditiva, pero a través ou por medio de experiencias totais.

A Educación Auditiva é a base dunha boa educación musical. No mundo ruidoso en que vivimos a nosa capacidade de escoitar é cada vez máis pasiva.

A música utilizada como fondo en ámbitos da nosa vida cotiá non é escoitada dunha forma consciente.

É importantísimo por tanto que os mestres, os alumnos, tomen conciencia da importancia da ESCOITA ACTIVA, aprendan a discriminar os sons e perciban as súas variacións, que APRENDAN A ESCOITAR PARA PODER ELEXIR.

Partindo da base que a música é un idioma, é a linguaxe dos sons, o normal sería seguir esta orde: primeiro empezar a escoitar, despois falar, imitando o ouvido, logo ler e bastante máis tarde enterarse das regras.

Para esta educación da escoita é fundamental empregar o método adecuado, utilizando como base unha motivación eficaz.

Calquera ouvido san pode desenrolarse e aumentar as súas capacidades cun material auditivo apropiado. Non poderá agudizar o seu ouvido quen non oia normalmente.

Ningunha das metodoloxías actuais contempla con detenimento o tema da AUDI-CIÓN como “TÉCNICA ACTIVA” ou “MÉTODO INTUITIVO DA AUDI-CIÓN MUSICAL” (entendendo como método intuitivo o coñecemento a través dos sentidos) da que deriven todas as actividades que integran a educación musical:

- Educación Auditiva.
- Educación vocal.
- Educación instrumental.
- Expresión corporal.
- Linguaxe musical.
- Cultura e Hª da Música.

A sistematización do método intuitivo da audición ou *audición activa* parte da propia audición como gran centro de interese en función dunha clasificación e programación de audicións de forma progresiva e racionalizada, aportando así unha eficaz motivación que desperta o interese polo coñecemento da música.

Esta “AUDICIÓN ACTIVA” dispón dunhas técnicas específicas que deben iniciarse na Educación Infantil, organizando sinxelas actividades que desenrolen a imaxinación e expresión, así, como a formación do ouvido.

Á hora de poñer en práctica unha audición deberíamos propoñernos uns obxectivos. Entre outros proporía como básicos os seguintes:

- 1º) APRENDER A ESCOITAR MÚSICA.
- 2º) MOTIVAR, ESTIMULAR E ACTUAR.
- 3º) PROPORCIONAR FELICIDADE.

## **1- APRENDER A ESCOITAR MÚSICA: TODO UN OBXECTIVO.**

Non hai nada que poida substituír o feito de escoitar música.

A Música goza de facultades únicas para conmovernos, tanto emotiva como física-mente, de filtrarse no máis íntimo da nosa razón, de asombrar o noso cerebro e abrir as portas cara a maquinaria que rixe os nosos sentimentos e emocións.

Escoitar música amplía os horizontes da vida, fomenta a capacidade de gozar, educa o ouvido. É pois a AUDICIÓN MUSICAL un obxectivo en si mesmo, un artigo de primeira necesidade.

Pero, escoitar música presenta dificultades.

Se ben os campos da visión e audición presentan similitudes (intensidade, perspectiva, nitidez) son máis marcadas as diferencias:

- Se o noso campo visual é un cono, o auditivo é unha esfera.
- Se os ollos descansan co sono, os oídos están sempre alerta.
- Se os ollos teñen pálpebras que abrimos e pechamos a vontade, nos ouvidos non podemos filtrar os sons desagradables, aínda que sí dispoñemos dunha especie de filtro psicolóxico que nos permite centrarnos naquelo que queremos escoitar, dándolle así unha especie de enfoque.

A audición abarca tres dominios diferentes:

Audición sensorial (ouvir).

Audición afectiva (escoitar).

Audición mental (ouvir, comprender o que se oie, entender).

A audición posúe dúas denominacións diferentes: OUVIR, ESCOITAR.

Ouvir, é percibir polo sentido do ouvido. Escoitar é poñer atención para ouvir mellor. Pódese ouvir sin escoitar, pero non, escoitar sen ouvir.

Ouvir, supón un material preesistente á nosa percepción e á integridade do sistema auditivo.

Escoitar, é mais complexo, implica poder ouvir, prestar atención ó que recibimos auditivamente, e eliminar elementos extraños ó que se escoita.

É por tanto unha cousa moi distinta OUVIR e ESCOITAR.

Fálase moito e escoitase pouco -acostuma a decirse-, e é unha grande verdade, escoitar é por tanto unha actividade non unha pasividade.

Escoitar música é algo máis cá simple recepción dos sons polo ouvido, é atender, aguzar, dobre a intelixencia, elo supón por tanto un esforzo para excluír todo o demais.

Dispoñemos de varios tipos de audición ou ouvido:

Ouvido melódico - Distingue as diferencias de entonación.

Ouvido armónico - Recoñece un son ou unha serie de sons, cando se oen varios simultaneamente.

Ouvido rítmico - Permite diferenciar a igualdade ou desigualdade do compás e as súas divisións.


Ouvido analítico - É un desenrolo do ouvido harmónico, seguir a voz sin deixar de oír o conxunto.

Os amantes da música son auténticos especialistas na escoita, atentos as melodías, ós cambios de ritmo, ó timbre dos instrumentos, é importante escoitar o conxunto e as partes, non basta con oír a música en cada un dos momentos en que vai manifestándose senón en relacionar o que se oe nun momento dado co que se oi u co que vai vir.

Supón por tanto coma en calquera arte:

- Sentir e assimilar.
- Intuir e razoar.
- Identificar e comparar.
- Interiorizar e revivir.
- Memorizar e reproducir.

Pechando desta maneira o círculo.



Conseguir isto é tarefa difícil. Crear bos oíntes é labor de anos e evidentemente cada quen poderá ir avanzando no seu nivel de preparación e achegarse ás obras artísticas de diferente forma. Impregnarse do que lle sexa accesible e irá incorporando experiencias que rematarán producindo unha ampliación e refinamento da súa sensibilidade e gusto. O amor pola música é algo que pode ir nutréndose e desenrolando durante toda a vida.

Hai músicas que poden ser disfrutadas na súa primeira audición, pero outras non. Unha mesma obra permite varios encontros. O primeiro é o mais difícil, despois xa se pode **DISFRUTAR DO PRACER DO RECOÑECIMENTO**, e así pasar dunha escoita “sensorial”, a outra mais “afectiva” e de aí a unha escoita “analítica”.

Podemos dicir que o sentido da música é apreciado de forma diferente por cada un de nós, é algo persoal e subxectivo.

Podemos resumir este primeiro obxectivo que nos propoñemos da Audición Musical Activa, nos seguintes puntos:

1º) APRENDER A ESCOITAR, é o primeiro e principal en alguén que queira achegarse á música.

2º) A ESCOITAR, e deixar escoitar, apréndese escoitando.

3º) Todos debemos de descubrir a maneira particular de ESCOITAR MÚSICA, porque todos somos diferentes.

4º) PARA GOZAR DA MÚSICA, debemos poñer vontade de disfrutar.

5º) OIR música sin ESCOITALA, é un aburrimiento.

## **2º MOTIVAR, ESTIMULAR E ACTUAR: OUTRO DOS NÓS OS OBXECTIVOS.**

Motivar e crear expectativas nos nosos alumnos, buscar camiños e medios para manter a atención, conducir a escoita para ouvir o inaudito, promover o respecto polo descoñecido, debe ser o noso obxectivo.

Non se sacará ningún froito dunha sesión de audición musical se non predispoñemos a mente e o espírito dos nosos alumnos para captar mellor, entender, e respetar a obra artística.

Pero... ¿Cómo conseguir motivar os nosos alumnos/as? Dinos D. Kabalesvky no seu libro: “Un compositor fala da Educación Musical”: *Ningunha lei Didáctica pode reemplazar á intelixencia ó tacto e ó talento do docente; él debe suscitar neles o desexo de ler e oír o que nunca escoitaron antes.*

Edgar Willems engade: *“Un bo pedagogo é ó mesmo tempo un psicólogo, non se trata de ensinar unha materia se non de transmitila de tal forma que poida asegurarse a súa absorción por parte dos alumnos, en iso consistirá unha verdadeira Educación Musical”.*

Non hai ninguén mellor có propio mestre para coñecer ós seus alumnos/as (as carencias, os seus puntos fortes e febles, os seus gustos, os seus desexos), para saber dos medios de que dispón, para seleccionar a música mais axeitada a cada caso, momento e situación.

Para elo deberá buscar un REPERTORIO que teña en conta os seguintes principios:

1º) O repertorio deberá presentar DIFERENTES ESTILOS e tipos de música.

2º) O contido expresivo da obra debe ser RELEVANTE.

3º) A obra deberá ter polo menos un recurso compositivo facilmente PERCEPTIBLE.

Os recursos poden ser:

a) Contrastes na melodía, tempo ou dinámica.

b) Estructura formal clara.

c) Melodía que invite a cantar.

d) Estructura rítmica forte que invite ó movemento.

e) Motivos e temas que se repiten.

f) Contido programático.

g) Efectos especiais de son ou interpretación.

O principio pedagóxico é ensinar primeiro o simple para gradualmente engadir dificultades. A tarefa pode ser tan fácil como reaccionar ós cambios dinámicos dunha obra ou tan difícil como discernir o movemento do baixo.

A orde de presentación pode ser elexida polo mestre partindo da súa propia lóxica. Pode conectar coa obra con contidos xa traballados, cancións xa aprendidas ou que están a aprender, con técnicas e conceptos musicais, con festas e estacións do ano.

Unha vez que a peza está estudiada, poda ser comparada con outras obras do repertorio; desta maneira establécense lazos entre as diferentes experiencias auditivas e os alumnos irán adquirindo puntos de referencia que lles axudarán a orientarse na sala de concertos.

Para disfrutar da audición dunha obra musical é necesario coñecer esta con anterioridade... xa, na segunda ou terceira audición, comenazarase a disfrutar do pracer DO RECOÑECIMIENTO... pero antes de poder disfrutar do pracer do recoñecemento ten que haber un primeiro encontro coa obra (coñecer o que precede ó recoñecer). É esta a primeira dificultade que se lle presenta ó mestre de música.

Hai diversas maneiras de motivar ós nosos alumnos. Estas dependen das posibilidades didácticas da obra musical elexida. Poderemos utilizar os seguintes recursos:

1º) Presentar un elemento da composición... os alumnos aprenderán este elemento tocando, cantando, escribindo... e logo descubrirán ó escoitala na súa totalidade a peza musical por primeira vez.

2º) Facer unha actividade creativa.

3º) Dar as primeiras impresións da música escoitada. Estas serán expresadas como resposta a preguntas como as seguintes:

- a) ¿Que me gustaría facer ó escoitar esta música... ?
- b) ¿Onde se pode escoitar este tipo de música?
- c) ¿De que lugar procede?
- d) ¿Como se bailaríaa?

4º) Observar unha partitura ou notación gráfica da obra e seguila durante a audición.

Unha vez que se logra a atención do alumno/a é posible asignarlle tarefas que leven a APRECIACIÓN ANALÍTICA.

Isto sería prestar ATENCIÓN e tratar de encontrar certos sons (timbre dos instrumentos) ou a repetición de certo motivo ou melodía ou distinguir entre as similitudes e diferencias dos temas, etc.

As audicións deberían ter a seguinte estrutura sempre e cando sexa posible:

1. ACTIVIDADE CREADORA.
2. APRECIACIÓN ANALÍTICA.
3. PARTICIPACIÓN.
4. ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN.

Baseándonos nisto descubriremos as técnicas que poden aplicarse á “AUDICIÓN ACTIVA” de acordo coas características de cada obra.

Estas técnicas aplícanse de forma simultánea á audición de tal xeito que estas sexan un conxunto de sensacións perfectamente integradas e así seguir a audición a través de:

1. A EXPRESIÓN CORPORAL OU DANZA.
2. MUSICOGRAMAS.
3. INSTRUMENTACIÓN.
4. CANCIÓN.
5. LINGUAXE MUSICAL.
6. CULTURA E HISTORIA DA MÚSICA.

**1. EXPRESIÓN CORPORAL OU DANZA.** É a técnica mais elemental e intuitiva. Consiste en acompañar con movementos corporais ou xestuais unha obra de música que polo seu carácter e estrutura rítmico-melódica se preste a elo. Inclúe como base o movemento, a mímica e a expresión xestual.

O proceso didáctico consistiría no inicio da actividade por parte do mestre invitando ós alumnos/as a que imiten os seus xestos e movementos, dando constantes instrucións e suxerencias motivadoras para que estes aprendan os movementos correspondentes a cada parte da obra diferenciando a estrutura desta. En sesións sucesivas o profesor invitará ós participantes a que elaboren novas e mais complexas composicións músico-corporais.

J. Dalcroze di: *“Todos os elementos da música son traducibles e interpretables a través do corpo. O movemento corporal e a danza son medios de comprensión e expresión do feito musical, mediante xogos de movemento e baile expresamos e vivimos o pulso, os acentos, a intensidade, o carácter, conseguimos en fin, unha SONORIDADE VISIBLE”*.

**2. MUSICOGRAMAS.** É recoñecida a importancia da visualización como axuda e activación da audición.

Os gráficos e dibuxos, permítennos atraer ós nosos alumnos/as por medio da visión, a observación das estruturas formais da música (desde os máis elementais principios de repetición ata as formas máis complexas) e seguir o paso do tempo por ela, analisando, avaliando e “engrasando” a memoria.

O musicograma é o esquema do desenrolo da música; así como o electro-cardiograma é a reprodución visual e estática dos latidos do corazón, o musicograma e, do mesmo modo, a reprodución visual do desenrolo dinámico dunha composición.

A partitura é reemplazada no musicograma por unha escritura simbólica moito máis simple, máis apropiada e máis didáctica para as idades dos niveis infantil, primaria e secundaria.

O plan da audición está baseado nun sistema de símbolos según un código moi simple.

O realmente percibido, e representado por certos signos, figuras e cores donde o significado é nun principio a conveniencia. Todo o que distraia a atención debe ser evitado. Limitarase a figuras xeométricas, a cores e a algúns símbolos.

A *FORMA* é o aspecto mais importante da audición. A estrutura formal do conxunto debe sobresaír e ser recoñecido dun vistazo sobre o musicograma.

A lóxica esixe que os mesmos elementos sexan representados da mesma forma, os que

presentan algunha semellanza serán representados de forma análoga e os que se diferencian serán representados de forma contrastante.

En Psicoloxía, as leis da percepción demóstrannos que os contrastes de cor cáptanse mellor cós contrastes das formas, polo que empregarán en primeiro lugar as cores. Cada tema recibe a súa propia cor.

Na elección procurarase non elixir cores claras para representar un tema ben sostido, nin unha cor sombría para un tema vivo. As cores elixidas deben contrastar entre elas e sobre fondo branco, así como as liñas negras e os contornos.

Os pequenos detalles non se representarán por cores, senón por pequenos signos en negro, trazados, puntos, diagonais, etc.

Non deberíamos esquecer que cada obra é única e imposible fixar unha fórmula xeneralizada.

**3. INSTRUMENTACIÓN.** O Timbre é un compoñente musical que adquiriu gran importancia nos últimos séculos, convirtese nun elemento esencial da forma.

Facer música é importante, para entender a música, practiquémola pois cos instrumentos (clásicos, didácticos ou construídos por nós mesmos ou polos propios alumnos/as) e toquemos por encima dela, participando da gravación.

**4. A CANCIÓN.** Fagamos música coa nosa voz. Inventemos letras sobre a melodía principal da obra obxecto da audición.

**5. A LINGUAXE MUSICAL.** Observando a notación gráfica e seguila durante a audición.

**6. CULTURA E HISTORIA DA MÚSICA.** Dando unhas nocións do momento cultural e histórico no que se desenrola a obra obxecto da audición.

Estas técnicas teñen como obxectivo fundamental a formación do ouvido nos máis pequenos, a memorización de secuencias melódicas así como o coñecemento intuitivo da estrutura e formas musicais.

Todas estas formas de levar a cabo a audición desembocarán no terceiro obxectivo que propoñíamos: **PROPORCIONAR FELICIDADE.**

**Que o neno escoite, coñeza, ame, comprenda, se exprese e se comunique a través da música, que lle proporcione felicidade e lle permita elevar progresivamente o seu nivel de apetencia pola calidade.**

## BIBLIOGRAFÍA

AGULLO, J. (1989). "Acústica Musical", Ed. Prensa Científica. Barcelona.

ALICIA FREGA, A. "Audioperceptiva". Ed. Ricordi.

BOKSER, A SPIVAK DE BERNSTEIN, E. "El mundo sonoro en el jardín" Ed. Ricordi.

CHAPUIS, J. "Ejercicios de Audición". nº 16. Revista Música y Educación.

GARMENDIA, E. (1981) "Educación audioperceptiva. Bases intuitivas en el proceso de formación musical". Ed. Ricordi. Buenos Aires.

- HEMSEY DE GAINZA, V. "Fundamentos, materiales y técnicas de la Educación Musical". Ed. Ricordi.
- HERNANDEZ MORENO, A. "Música para niños". S. XXI de España. Ed. S.A.
- KUHN, C. (1989). "La formación musical del oído". Ed. Labor.
- LORENTE, R. "Expresión musical en preescolar y ciclo preparatorio". Ed. Narcea S.A. Ediciones.
- LLACER PLA, F. (1982). "Guía Analítica de Formas Musicales para estudiantes". Ed. Real musical.
- MERCÉ DOMEQUE, EULALIA LAGARRIGA, EULALIA SEGALÉS. "Aducción Musical". I - II - III - IV - V. Ed. Teide. (1988).
- MURRAY SCHAFER, A "Limpieza de oídos". Ed. Ricordi (1969).
- PIERCE, M.R. (1981) "Los sonidos de la música". Ed. Paidós Studio.
- WILLEMS, E. "El valor humano de la Educación Musical". Ed. Paidós Studio.
- "Bases Psicológicas de la Educación Musical". Ed. Univ. B.A.